

Acta resolución impugnacións preguntas, pola que se formaliza o acordo do tribunal designado para avaliar as probas de constatación da cualificación inicial para o exercicio da actividade de condutor/a profesional de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada (CAP) do exame celebrado o 21 de novembro de 2022

O 21 de novembro de 2022 celebráronse as probas de constatación da cualificación inicial para o exercicio da actividade de condutor/a profesional de determinados vehículos destinados ao transporte de mercadorías ou de viaxeiros por estrada (CAP) correspondentes á 6ª convocatoria ordinaria de 2022.

Na celebración do exame correspondente á quenda das 16:15 horas, dirixido á obtención da cualificación para o transporte de mercadorías, logo da entrega dos cuestionarios, o Tribunal apreciou a existencia dun erro técnico que levara a que varias preguntas das 25 primeiras, e a primeira das preguntas de reserva, fixeran referencia ao transporte de viaxeiros, cando o exame no que se debía examinar a cualificación dos aspirantes versaba sobre o transporte de mercadorías.

Examinado nese momento o cuestionario polo Tribunal, clarificouse xa nese momento, sen que ningunha das persoas aspirantes abandonase aínda o lugar de exame, que as referencias que o cuestionario fixera ao *transporte de viaxeiros ou pasaxeiros* debían entenderse feitas ao *transporte de mercadorías*, e que as referencias a *autobuses* debían entenderse feitas a *camións ou vehículos pesados de transporte de mercadorías*.





Igualmente, tendo en consideración que, logo da anterior corrección realizada no propio acto do exame, varias preguntas do cuestionario poderían ter vinculación preferente co transporte de viaxeiros pero que, aínda así, presentaban elementos de coñecemento xeral que derivarían en que puidesen ser contestadas por parte das persoas aspirantes, indicouse expresamente a estas que a súa impugnación se realizaría individualmente, sendo considerada deste mesmo modo, impugnación para a que se disporía dos prazos previstos na convocatoria.

Adicionalmente, a fin de evitar os prexuízos que esta modificación puidese ocasionar en canto á perda de tempo xa transcorrido para a resposta do cuestionario, o Tribunal acordou estender a duración do exame en quince minutos máis, o que sería comunicado aos aspirantes durante a realización das probas.

Logo da celebración das probas, os días 22 e 23 de novembro de 2022, presentáronse por correo electrónico varias impugnacións ás preguntas 1 á 25 e á 101 recollidas no modelo A, así como ás súas análogas recollidas no modelo B, do exame celebrado o día 21 de novembro ás 16:15h, ao considerar que se trataba de preguntas correspondentes a un exame de viaxeiros e non de mercadorías.

Analizadas o conxunto de impugnación recibidas, por parte do tribunal efectúase a valoración que figura na seguinte táboa:

MOD A	MOD B	ENUNCIADOS	ANÁLISE	VALORACIÓN
1	14	A que se chama custos externos do transporte de viaxeiros?	Aínda coa modificación feita no acto do exame, a pregunta presente unha clara vinculación co transporte de viaxeiros	Procede a súa anulación
2	25	Que aspecto é valorado por unha empresa de transporte de viaxeiros en autobús á hora de contratar a un condutor?	Aínda coa modificación feita no acto do exame, a pregunta presente unha clara vinculación co transporte de viaxeiros	Procede a súa anulación





MOD A	MOD B	ENUNCIADOS	ANÁLISE	VALORACIÓN
3	4	Os itinerarios dos servizos públicos de transporte regular de uso xeral	Aínda coa modificación feita no acto do exame, a pregunta presente unha clara vinculación co transporte de viaxeiros	Procede a súa anulación
4	1	O capital social dunha sociedade de responsabilidade limitada, no momento da súa constitución, terá que estar desembolsado nun	A pregunta é correcta e presenta vinculación co transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
5	11	Que actividade poderán ter por obxecto as cooperativas?	A pregunta é correcta e presenta vinculación co transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
6	9	A sociedade de responsabilidade limitada nova empresa estará formada inicialmente por un máximo de	A pregunta é correcta e presenta vinculación co transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
7	15	O transporte de viaxeiros por estrada en réxime de cabotaxe	A pregunta é correcta e, logo da corrección realizada no acto do exame, a pregunta e as opcións de resposta son aplicables ao transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
8	8	Nunha empresa de transporte, a quen corresponde a vixilancia do cumprimento das normas relacionadas cos tempos de condución e descanso?	A pregunta é correcta e non presenta maior vinculación co transporte de viaxeiros que co de mercadorías	Non procede a súa anulación
9	22	As normas especiais sobre transporte de menores en autobús son aplicables aos transportes públicos regulares de uso xeral cando previamente reserváronse para viaxeiros menores de 16 anos un	Aínda coa modificación feita no acto do exame, a pregunta presente unha clara vinculación co transporte de viaxeiros	Procede a súa anulación
10	13	Unha autoestrada	A pregunta é correcta e presenta vinculación co transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
11	10	A maior altura do centro de gravidade, a estabilidade do autobús	A pregunta é correcta e, logo da corrección realizada no acto do exame, a pregunta e as opcións de resposta son aplicables ao transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
12	17	A elección da relación correcta da caixa de cambios dun autobús durante a marcha depende:	A pregunta é correcta e, logo da corrección realizada no acto do exame, a pregunta e as opcións de resposta son aplicables ao transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
13	5	Como se denomina a masa que pode transportar un autobús, resultante de restar o seu tara da Masa Máxima Autorizada?	A pregunta é correcta e, logo da corrección realizada no acto do exame, a pregunta e as opcións de resposta son aplicables ao transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación





MOD A	MOD B	ENUNCIADOS	ANÁLISE	VALORACIÓN
14	20	Para que o autobús poida ser dirixido sen problemas, cal das seguintes forzas teñen que atoparse dentro do círculo de Kamm?	A pregunta é correcta e, logo da corrección realizada no acto do exame, a pregunta e as opcións de resposta son aplicables ao transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
15	3	Que é a resistencia por rozamento?	A pregunta é correcta e, logo da corrección realizada no acto do exame, a pregunta e as opcións de resposta son aplicables ao transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
16	7	Dos seguintes elementos do vehículo, cal forma parte do retardador hidráulico?	A pregunta é correcta e presenta vinculación co transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
17	21	O grao de rozamento nun autobús depende	A pregunta é correcta e, logo da corrección realizada no acto do exame, a pregunta e as opcións de resposta son aplicables ao transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
18	18	O sobrequecemento dos pneumáticos dun autobús é un fenómeno típico	A pregunta é correcta e, logo da corrección realizada no acto do exame, a pregunta e as opcións de resposta son aplicables ao transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
19	16	Se a suma de forzas e pares ás que pode estar sometido un autobús fose distinta de cero, que repercusión tería sobre o seu movemento?	A pregunta é correcta e, logo da corrección realizada no acto do exame, a pregunta e as opcións de resposta son aplicables ao transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
20	23	A disposición de circular pola dereita e o máis preto posible do bordo da calzada aplicarase moi especialmente aos autobuses	A pregunta é correcta e, logo da corrección realizada no acto do exame, a pregunta e as opcións de resposta son aplicables ao transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación
21	19	O Acordo ASOR refírese a	Aínda coa modificación feita no acto do exame, a pregunta presente unha clara vinculación co transporte de viaxeiros	Procede a súa anulación
22	2	É obrigatorio que os postes e marquesiñas das paradas de liñas regulares urbanas e suburbanas teñan información en sistema Braille?	Aínda coa modificación feita no acto do exame, a pregunta presente unha clara vinculación co transporte de viaxeiros	Procede a súa anulación
23	12	Como debe ser a utilización dos asentos nun transporte de menores?	Aínda coa modificación feita no acto do exame, a pregunta presente unha clara vinculación co transporte de viaxeiros	Procede a súa anulación
24	6	A quen afecta a obrigación de sinalizar un perigo que crease el mesmo nunha estrada?	A pregunta é correcta e presenta vinculación co transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación





MOD A	MOD B	ENUNCIADOS	ANÁLISE	VALORACIÓN
25	24	Que conduta dos viaxeiros dun transporte en autobús está prohibida?	Aínda coa modificación feita no acto do exame, a pregunta presente unha clara vinculación co transporte de viaxeiros	Procede a súa anulación
101	101	A resistencia que se produce ao acelerar ou frear o autobús debido á inercia da súa masa denomínase:	A pregunta é correcta e presenta vinculación co transporte de mercadorías	Non procede a súa anulación

De acordo co exposto, o Tribunal adoptou por unanimidade os seguintes

ACORDOS:

Primeiro. Anular, para aqueles aspirantes que formularon as correspondentes impugnacións, as preguntas 1, 2, 3, 9, 21, 22, 23 e 25 do modelo A e as equivalentes do Modelo B (preguntas 2, 4, 12, 14, 19, 22, 24 e 25), consonte coa análise e valoración indicados anteriormente.

Segundo. Rexeitara impugnación das demais preguntas, polos motivos expostos, igualmente, na referida táboa.

Terceiro. Como resultado da valoración, a nota resultante de cada un dos aspirantes que presentaron impugnacións é a que se reflicte a continuación:

MODELO EXAMEN	NOME E APELIDOS	DNI/NIE	Cualificación
A	Rivas Baños Javier	***8705**	NON APTO
A	Fadili El Massifi Radaouane	***2414**	NON APTO
A	González Piñeiro Iván	***2691**	NON APTO
A	Stoian Voicu	***8679**	APTO
A	Pereiro Rivera Laura	***8333**	APTO
A	Garabatos Rodriguez Cesar	***0097**	NON APTO
A	García Gumiel Jose Antonio	***0313**	APTO
A	Pico Pérez Ismael	***3097**	APTO
A	Figueroa Comesaña Diego	***4927**	APTO
B	Radouani Beljabbar El Hassan	***2370**	NON APTO
B	García Londoño Mauricio Alexander	***0023**	NON APTO





MODELO EXAMEN	NOME E APELIDOS	DNI/NIE	Cualificación
B	Logroño Vázquez Juan Carlos	***2201**	NON APTO
B	Haryouli, Said	***4368**	NON APTO
B	Nouri Ahmed	***6403**	APTO
B	Silva Seco, Gustavo	***6880**	APTO

A secretaria

Marta Figueiras García

Visto e prace:

O presidente

Antón García Río (*documento asinado dixitalmente*)

